

MAIO/XUÑO ²⁰¹⁹

NENAS / NENOS / ACTIVIDADES / EN GALEGO



MAIO

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|----------------|-----------------------|--|---|----------------------|------------------------------------|---------|
| | | 1 Día do Traballo | 2 Shourruscado | 3 Facemos o maio | 4 Bolboretas Do colo á man | 5 |
| 6 Ecosfera | 7 Contos con sons | 8 Tardes xogantinas | 9 Obradoiro de xoguetes Shourruscado | 10 | 11 /as Do colo á man | 12 |
| 13 Ecosfera | 14 Xogo heurístico | 15 Tardes xogantinas | 16 Shourruscado | 17 Letras Galegas | 18 | 19 |
| 20 Ecosfera | 21 Contos con sons | 22 Había unha vez... Tardes xogantinas | 23 Shourruscado | 24 | 25 Contos vellos, novo final | 26 |
| 27 Ecosfera | 28 Cantacontos | 29 Había unha vez... Tardes xogantinas | 30 Martíña soñadora A salto alto Ascensión | 31 | | |

XUÑO

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|-------------------------|-----------------------|---|-------------------------|--------------------------------------|------------------------------|---------------------|
| | | | | | 1 Festa no teatro | 2 Sira e o robot |
| 3 Ecosfera | 4 Contos con sons | 5 Había unha vez... Tardes xogantinas | 6 Shourruscado | 7 SELIC Construíndo minimundos | 8 SELIC | 9 SELIC |
| 10 SELIC Ecosfera | 11 SELIC | 12 SELIC Había unha vez... Tardes xogantinas | 13 SELIC | 14 SELIC | 15 SELIC Do colo á man | 16 SELIC |
| 17 Ecosfera | 18 Contos con sons | 19 Tardes xogantinas | 20 Contos de chupete | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 Tardes xogantinas | 27 | 28 | 29 Do colo á man | 30 |

Ecosfera

Feitoría Verde

Os luns lectivos ata o 17 de xuño ás 17 h
EEL María Miramontes. As Fontiñas

Ter presente o ambiente no noso día a día é un deber inexcusable que hai que inculcarlles desde ben cativas... Este obradoiro ambiental dirixese a facer visible a ecosfera ou ecosistema planetario, a darlle valor, a comprender todo o que nos ofrece e a dependencia que temos del.

De 7 a 10 anos
Inscripcións en proxectoecosfera@gmail.com

Contos con sons

Trobeiro

Os martes lectivos alternos ata o 2 de xullo ás 17.30 h

EEL María Miramontes. As Fontiñas

Unha forma diferente de escoitar un conto é engadirle música. Sesión de contos musicados.

+ 3 anos
Acceso libre ata completar a capacidade da sala.

Tardes xogantinas

Xandobela

Os mércores lectivos de 18 a 19.30 h
EEL María Miramontes. As Fontiñas



Xoguetoloxía, xogos predeportivos, populares e tradicionais, coa lingua e a tradición oral, de enxeño e intelixencia, musicais, bailados... e un laboratorio xogantín para pasarmos un tempinho socializando en galego a través do xogo.

De 3 a 6 anos
Inscripción na recepción do centro 10 minutos antes do comezo de cada sesión. 15 prazas

Shourruscado

Trobeiro

Os xoves lectivos ata o 6 de xuño de 16.30 a 20.30 h

EEL María Miramontes. As Fontiñas

Para mellorar a condición física e a coordinación dun xeito divertido podemos combinar a música con movementos rítmicos. O shourruscado axudarlles no seu crecemento integral a través da música.

+ 10 anos
Inscripción en shourruscado@gmail.com

Facemos o maio

Venres 3 de maio ás 18.30 h
CC de Vite

Paseo, recollida de plantas e confección do maio.

+ 5 anos
Inscripción en 981542490 de 17 a 20 h.

Do colo á man

Sábados 4 e 11 de maio, 15 e 29 de xuño ás 12 h
CC de Santa Marta

Medramos a través do xogo e das melodías de sempre, a través da lingua e do coñecemento do noso propio corpo, da boa compañía de quen nos dá a man e medra con nós. Obradoiro de aprendizaxe infantil.

De 1 a 3 anos
Inscripción no CC de Santa Marta

Contacontos para a igualdade

EEL María Miramontes. As Fontiñas

Para quen queira encher o corpo e a imaxinación de historias que falan diferente e para nenos e nenas que soñan e medran coa igualdade.

- **Bolboretas. Sole Felloza**
Sábado 4 de maio ás 12 h
- **/as. Ramiro Neira**
Sábado 11 de maio ás 12 h
- **Contos vellos, novo final. Caxoto**
Sábado 25 de maio ás 12 h

+ 3 anos
Acceso libre ata completar a capacidade da sala.

Obradoiro de xoguetes con material de refugallo

Xoves 9 de maio ás 18.30 h

Centro Cívico de Vite

Obradoiro para ver como se lle pode dar unha nova vida a moitos refugallos que xeramos na casa e, á vez, contar con xoguetes do máis orixinal e divertido.

+ 6 anos acompañado dun adulto
Inscripción en proxectoecosfera@gmail.com.
Asunto: Actividade 9 de maio.

Xogo heurístico

Gaia Ecocrianza

Martes 14 de maio ás 17 h

EEL María Miramontes (bebeteca)



Os bebés abren, pechan, tapan, destapan, apoian, comparan, enchen... Obradoiro para dar a coñecer a importancia do xogo libre e non estruturado, que proporciona grandes doses de autonomía e confianza nas crianzas.

De 1 a 2 anos
Inscripcións do 1 ao 9 de maio en
dlg@santiagodecompostela.gal. 12 prazas

Había unha vez...

Fabaloba

Mércores 22 e 29 de maio e 5 e 12 de xuño de 18 a 19.30 h

EEL María Miramontes. As Fontiñas

Para aprendemos a contar contos, intercambiar historias e maneiras de contalas. Para que as nosas crianzas teñan referentes na súa casa de bos relatos e de todo o demais. Obradoiro de narración oral infantil.

Nais e pais con nenos de ata 6 anos ou que están agardando
Inscripcións do 1 ao 15 de maio en
dlg@santiagodecompostela.gal. 20 prazas

Cantacontos

Pablo Díaz

Martes 28 de maio ás 17.30 h
CC do Ensanche



Viaxe a través dos contos coa música como fío condutor, onde se tratarán temas e rutinas adaptadas para as crianzas. Unha sesión relaxada onde a fantasía e a ilusión serán as protagonistas, e na que grandes e miúdas colaborarán cantando e entoando melodías e retrousos.

De 0 a 5 anos
Inscripción entre o 16 e o 23 de maio en
dlg@santiagodecompostela.gal. 25 prazas

ASCENSIÓN 2019

Martiña soñadora

Sabela King e Carlos Gil

Xoves 30 de maio ás 12.30 h
Praza de Cervantes

Para bailar, aprender das músicas e gozar de cancións con ritmos brasileiros, portugueses, do rock and roll e mesmo do blues...

+ 3 anos
Entrada libre.

A salto alto

Circo no Ato

Xoves 30 de maio ás 18 h
Praza Roxa

Espectáculo en que se mesturan números de máxima dificultade e a esencia do circo cunha posta en escena actual, onde esta compañía brasileira aborda o capitalismo e a imaxe como reflexo da hipocresía da sociedade.

+ 7 anos
Entrada libre.

Festa no teatro

Sábado 1 de xuño

Teatro Principal

Dous circuitos compostos por diversos microespectáculos que nos convidarán a coñecer espazos infrecuentes deste fermoso edificio á vez que nos sorprenderán coas intervencións de diversos artistas.

Música, poesía, contos, maxia, teatro, monicreques... para as festas máis compostelás, as da Ascensión.

- **Rodari, Rodari. Inácio Vilariño. 11.30 h**
- **Contacontos en verso. Yolanda Castaño. 11.30 h**
- **A tortoise, un can, two monsters e un picnic. Pérez&Fernández. 11.30 h**
- **Os contos do bardo Abelardo. Servando Barreiro. 11.30 h**
- **De aquí para alá. Lydia Botana. 13 h**
- **Cóntame un cine. Anxo Moure. 17 h**
- **A miña primeira viaxe. Xarope Tulú. 17 h**
- **Pan con chocolate. Saleta Fernández. 17 h**
- **Ilusionista. Fani Triana. 17 h**
- **No país do vento. Charo Pita. 18.30 h**

+ 3 anos
Retirada de entradas no despacho de billetes do Teatro Principal a partir do 20 de maio

Sira e o robot

Mark Wiersma e Miguel Mosqueira

Domingo 2 de xuño ás 12.30 h
Praza de Cervantes

Espectáculo musical baseado no libro-disco homónimo, onde se combinan o inglés e o galego coa música.

+ 7 anos
Entrada libre.

SELIC 2019

Do venres 7 ao domingo 16 de xuño
Na Semana do Libro de Compostela haberá actividades paralelas ás tradicionais presentacións e sinaturas de libros, como visitas guiadas pola cidade, espectáculos infantís, actuacións musicais, mesas redondas ou obradoiros. Toda a información das actividades programadas e horarios proximamente en selic.gal

Construíndo minimundos

Cortesía de Gaia Ecocrianza

Venres 7 de xuño ás 17.30 h

EEL María Miramontes. As Fontiñas

Arredor do Día Internacional do Xogo (28 de maio). Actividade para gozar e reflexionar ao mesmo tempo sobre a importancia do xogo libre. Este é un xogo de xogos onde xuntando, engadindo, montando e desmontando estimularase a capacidade de experimentación, imaxinación e superación de retos.

De 4 a 8 anos
Inscripcións do 20 ao 30 de maio en
dlg@santiagodecompostela.gal. 12 prazas

Contos de chupete

Migallas

Xoves 20 de xuño ás 17.30 h
CC do Ensanche



Bea ten un problema. O seu lobo leva chupete e... cada vez que llo intentan quitar chora. Sesión de contos para bebés con música en directo, literatura infantil, expresión dramática e tradición oral.

De 0 a 3 anos
Inscripción entre o 3 e o 13 de xuño en
dlg@santiagodecompostela.gal. 25 prazas

O MUSEO DE NÓS

Arredor do 17 de Maio lembramos Antonio Fraguas, homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Nado en Cotobade, pasou os últimos anos da súa vida en Compostela, onde exerceu a docencia e se dedicou a estudar e divulgar a cultura galega. Na cidade recordamos a súa figura en nomes de rúa ou de instituto, mais, sen dúbida, a súa principal pegada atopámola no Museo do Pobo Galego, do que foi fundador e director.

Pode ser pois un bo momento para achegarnos ao museo e coñecer de preto aquilo no que tanto traballou Antonio Fraguas: a nosa historia, o

noso patrimonio, a nosa cultura e, en definitiva, a nosa identidade, nós. Para que a visita sexa máis divertida retámosvos a que atopedes os

elementos que amosamos abaixo e resolvades as cuestións que vos propoñemos!
+INFO: primaveradasletras.gal



ESCALEIRA HELICOIDAL
Quen a deseñou?



SELLA
Para que se usaba?



ENTROIDOS
Como se chaman?



BUXAINAS
Sabes como se xoga?



NASAS
Que se pesca con elas?



TEAR
Con que se tecía?